



MATERIAIS E TÉCNICAS DO TÉXTIL DO MUNDO ANTIGO

Miriam Fernández Otero

Introdución

Neste pequeno estudo afondaremos nas técnicas, materiais e procedementos de obtención téxtil desenvolvidos durante a Prehistoria e a Antigüidade, a través do traballo bibliográfico e o apoio de dúas ciencias auxiliares: a arqueoloxía experimental¹ e a etnoarqueoloxía². Comprobaremos coma estas dúas disciplinas nos axudan a comprender o “universo do tecido”, mediante a reprodución e proba dos distintos apeiros e o seu cotexo cos costumes que sobreviviron na cultura tradicional³, unha experiencia informativa e formativa de vital importancia para comprender a historia e a evolución do téxtil.

Ademais dos datos recollidos das distintas fontes, a experimentación e a “mirada antropolóxica”

tamén foron de utilidade aqueles derivados da miña experiencia coma artesá téxtil⁴, permitíndome contrastar directamente as teorías actualmente aceptadas e ampliar as conclusións.

Orixes do tecido e o seu estudo

A manufactura téxtil, xunto coa cestería, é posiblemente unha das actividades máis antigas realizadas polo ser humano, rexistrada segundo os indicios arqueolóxicos dende o Paleolítico (20.000 anos a.C.). Antes da aparición das primeiras teas realizadas nos teares o home puido trenzar diferentes fibras que encontraba no seu contorno (peles, herbas, pequenas ramas flexibles, etc.) fixándose na técnica de algúns animais como os paxaros do xénero tecedor, creando o que serían os precursores dos primeiros tecidos.

Estas incipientes e rudimentarias teas, formarán a base para o futuro desenvolvemento da produción téxtil, que continuará evolucionando co home e coas súas necesidades, o cal vivirá unha continua experimentación para lograr unha mellora tanto na técnica como nos utensilios. Dese xeito o ser humano buscará aquelas materias primas, tanto de orixe

1 Disciplina que basea o seu estudo na reconstrución de obxectos, usos e técnicas empregados polo ser humano na historia, co obxectivo de experimentar e comprender os seus funcionamentoos excedendo os límites da dedución. NAMI, Hugo G., “Arqueología experimental, talla de la piedra contemporánea, arte moderno y técnicas tradicionales: observaciones actualísticas para discutir estilo en tecnología lítica”, en *Relaciones de la Sociedad Argentina de Antropología*, tomo 22-23, Sociedad Argentina de Antropología, Buenos Aires, 1997-98, pp. 364-69.

2 Ou “arqueoloxía viva”, é a disciplina que aposta pola utilización de paralelos etnográficos para interpretación arqueolóxica, nunha clara interrelación entre antropoloxía e arqueoloxía. HERNANDO GONZALO, A., “La etnoarqueología hoy: una vía eficaz para la aproximación al pasado”, en *Trabajos de Prehistoria*, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 52, n.º 2, 1995, pp. 17-18.

3 *Os traballos artesanais no Castro de Viladonga*, Folleto da exposición temporal producida polo Museo do Castro de Viladonga

4 Carta de artesá en tecidos pola Xunta de Galicia, experiencia de 10 anos no cultivo e transformación tradicional do liño e a la na *Asociación de Mulleres Rurais de Insua* e 3 anos de experiencia coa arqueoloxía experimental do tecido na Asociación *Clío reconstrucción Histórica*.

vexetal como animal, que lle ofrezan unhas calidades óptimas para a súa función, tratamento e tecido, á vez que desenvolverá os distintos tipos de teares que llas permitirá converter nese produto final necesario para a vida diaria. Non podemos pasar por alto tampouco que o tecido e o fiado xeralmente se vincula co ámbito feminino, como actividade propia de deusas e mulleres⁵, referenciado nas fontes escritas, pictóricas e restos arqueolóxicos.

Co paso dos séculos e a evolución da técnica da tecedura observárase tamén a paulatina estandarización dun estilo de confección que marcará as distintas épocas e culturas, á vez que o comercio favorecerá a introdución e transmisión de novas materias primas. Pouco a pouco o tecido comezará a adquirir unhas funcións máis alá que a de simples pezas para protexerse do frío ou axudar nas tarefas diarias, se non que a calidade, estilo, materiais e ornamentación dos mesmos tornará en moitos casos nunha forma de identificación social, económica e de poder⁶.

Cando abordamos calquera estudo sobre téxtil elaborado nos primeiros períodos históricos da humanidade temos ante nós un gran reto, pois desafortunadamente a maioría dos materiais e materias primas son altamente perecedoiros por tratarse de produtos e fibras naturais. A acidez do terreo, a humidade, os incendios, os traballos agrícolas e os distintos acontecementos históricos propiciaron que poucos restos chegasen a nós, limitando o seu estudo e a oportunidade de obter unha visión ampla sobre o tecido na antigüidade.

Só naqueles lugares cunhas características climáticas ou de conservación especiais algunhas pezas téxtiles conseguiron traspasar estas barreiras que, sumadas a aqueles elementos realizados en barro, óso ou metal (agullas, peites, fusaiolas, pesas, etc.) e a diferentes fontes escritas e figurativas, permitiron manexar unha información esencial para comprender e acercarnos na medida do posible á produción e forma de vestir dos nosos antepasados.

5 Como nos indican as referencias de índole grecorromana sobre a muller, o téxtil e o traballo do fogar, ademais dos distintos mitos (Aracné, as Parcas, a Deusa Atenea, etc.).

6 GUILLÉN, José, *Urbs Roma. I. La vida privada, Salamanca, Sígueme, 2004.*

Na Península poucos restos téxtiles encontramos no que a panos se refire, reservados exclusivamente a pequenos fíos ou fragmentos de liño carbonizados coma os da *Cueva de los Murciélagos* (Murcia), o *Cortijo de Bartolo* (Granada) ou as *Sepulturas 11 y 38 de Los Millares* (Almería). Non obstante hai que destacar un xacemento peninsular no que os fragmentos téxtiles son máis substanciais, dúas túnicas e un peto de liño, encontrados na *Cova Sagrada I*, enterramento calcolítico do 2216 a.C., pertencente ó complexo funerario do *Cerro de La Salud*, na Serra da Tercia (Lorca).

Estes restos, xunto ó vestido Tarkhan (Exipto, 3482-3102 a. C), ós pantalóns da momia Ötzi dos Alpes de Venoste (neste caso non tecidos, 3300 a.C.), ós pantalóns de algodón tinguido do xacemento de *Huaca Prieta* (Perú 2500, a.C.), ou ós encontrados nas Tumbas *Yanghai* (China, 1000 a.C.), forman parte dos vestixios téxtiles máis antigos do mundo, un pequeno exemplo dunha produción con décadas de desenvolvemento nas distintas partes do planeta.

As materias primas

Como xa indicamos, coa fin de protexerse, o ser humano desenvolveu o téxtil empregando aqueles materiais e recursos que tiña a man na natureza, baseándose nas necesidades de cada momento e o que cada zona podía ofrecerlle. Deste xeito foron seleccionándose por medio da continua experimentación aquelas materias primas de orixe animal ou vexetal que achegaban unhas calidades óptimas para a elaboración dos distintos tecidos, tanto para cubrirse coma para as tarefas da vida cotiá.

O liño e a la serán as fibras téxtiles máis empregadas na antigüidade para a elaboración dos panos, mais temos constancia do uso de outras menos referenciadas coma a seda, o cânabo, a ortiga, o pelo de camelo, o papiro, os xuncos, a malva, etc.⁷.

7 Estrabón, Plinio ou o Edicto de prezos de Diocleciano, entre outras fontes, dan testemuña do emprego e importancia de diferentes fibras téxtiles ademais dos clásicos liño e la.

A la, materia filamentosa ou pelo que medra na pel da ovella⁸, está considerada como un dos produtos máis empregados da industria téxtil da época, de fácil obtención e manufactura con respecto a outro tipo de fibras, aínda que máis perecedoira polas súas características físicas. Segundo os restos arqueolóxicos e a as fontes grecolatinas, a ovella converteuse nun piar fundamental da economía desde tempos remotos, pois proporcionaba alimento e la para o tecido sen necesidade dun custoso mantemento, tornándose con seguridade na materia prima téxtil máis empregada⁹.

Segundo poñen de manifesto as fontes, nese período a la clasificábase en dous tipos: a producida polas *oves pellitae*, ovellas ás que se lles colocaba una funda de pel para protexer a la, e as *oves pascales* ou *pascales*, la das ovellas que pastaban libremente (máis numeroso). Plinio fala ademais dunha ovella criada en Córsega e España, *non abilisimus musmonum*, cuxo pelo se parecía máis ó da cabra.

Tamén recibiu nomes segundo as tonalidades, sendo máis ou menos apreciada, destacando en primeiro lugar a branca, aquela coidada con esmero e de aspecto sedoso e brillante, *ερια λαμπρα* para os gregos e *la alba* para os romanos, producida en Tarento, Mileto ou Megara. De seguido atoparíamos as tonalidades marróns-negras e a gris amarronada, esta última coñecida como *impluviata* (cor da auga turbia) que máis tarde adquiriría o nome de *mutinensis*, pois a súa tonalidade era típica das las de Mutina (Módena). Por último tamén se distinguía un tipo de la gris negruzca coñecida como *pulla*, *nativa*, *Spana* ou *leucopatheia*.

Na Península Ibérica Plinio fálanos do predominio da la negra e marrón fronte á branca, aínda que destaca tamén un tipo de la de natureza avermellada na Bética, denominada *baeticatus*, e outra dun ton dourado que segundo Marcial “pode compararse cos louros cabelos dunha moza ou ó brillo do ouro.” Non obstante a la parda ou negra tivo tamén o seu protagonismo, pois Estrabón relata que os montañeses “visten polo xeral capas negras coas que se cobren para durmir”, e

sabemos que na zona da meseta se confeccionaban uns característicos mantos ou *sagos* para loitar contra o frío.

Segundo as fontes o método de obtención primixenio foi o arrincado, a mesma palabra latina “vellón” significa arrincar, aproveitando as mechas de la que a ovella expulsa ao chegar a primavera. Coa aparición das tesoiras axilizaríase o proceso e permitiría a obtención de máis cantidade de fibra, que posteriormente se lavaría para extraerlle as impurezas e a graxa (lanolina). Neste lavado aplicábase auga quente, *herba lanaria* ou un alcalino para desengraxar, e tralo secado batíase cunha vara para rematar de sacar as impurezas, escarpeábase e cardábase. Para o cardado os romanos fálannos do *pecten* ou *carmen*, dúas placas de madeira sobre as que se fixaban púas metálicas ou vexetais entre as que se colocaba a la e se desenredaban as mechas, quedando listas para o fiado.



Recreación de cardas de espiño e cardo. Foto propia.

⁸ Tamén se considera la o pelo doutros animais

⁹ ALFARO GINER, Carmen, *El tejido en época romana*, Madrid, Arco Libros, 1997, p.15.



Cardas tradicionais. Foto propia.

A reprodución dunhas cardas de madeira con púas de espiño e cardos permitíronme comprobar a eficacia deste sistema realizado con materiais de sinxela obtención, posiblemente de uso máis común. Cabe tamén mencionar que o método de obtención da la era practicamente o mesmo que o que se realizaba ata fai unhas décadas na maioría dos fogares rurais galegos, nos que se rapaba a ovella, se lavaba a la no río e se preparaba para o fiado mediante o *escarpeado* e o cardado.

A segunda fibra téxtil por antonomasia sería o liño, planta herbácea, dicotiledónea, da familia das lináceas ou eulaninas, de raíz fibrosa, talo recto e oco de forma poligonal e natureza leñosa da que se extraen as fibras, presentes na medula. Na parte superior remata nunhas cápsulas, *bagañas*, que conteñen a semente, a *liñaza*¹⁰. Destaca pola súa elasticidade e resistencia maior que a de outras fibras, así coma pola súa suavidade e sutileza que permite a creación de tecidos para combater a calor e de excepcional beleza.

Desta planta coñécense distintas variedades, salvaxes e cultivadas, establecendo a súa "domesticación" durante o inicio do Neolítico no Sueste de Asia e o

Norte de África, estendéndose a outras rexións con facilidade debido ó desexo de dispor da fibra con maior comodidade. En canto ó seu cultivo (de carácter cíclico anual) precisa unas características especiais: un alto grao de humidade, un solo fértil e de fácil drenaxe e unas temperaturas suaves. A posibilidade de rego incrementou o seu cultivo en zonas máis áridas.

Os restos de sementes atopados nos xacementos indicannos innegablemente o seu cultivo e uso téxtil, máis tamén se coñece a obtención da súa semente para consumo animal e humano, presente na gastronomía rústica europea (liñaza e aceite) segundo os datos de Plinio o Vello, Columela ou Galeno. Dos autores latinos tamén recolleemos datos sobre a importancia do liño hispánico, recoñecido en todo o imperio, destacando as áreas de produción de Ampurias, Tarraco, o Val do Ebro, Lusitania e zonas do norte peninsular como as da tribo dos *Zoelae*, excelente para a elaboración de redes e caza.

Da preparación da fibra no mundo antigo conservamos a testemuña de Plinio en época romana, cun proceso que pouco se diferencia do realizado ata o século XX. O liño sementábase na primavera, e, unha vez maduro, arrincábase e colgábase en feixes ó sol para que a liñaza se desprendese. Seguidamente os feixes somerxíanse varios días en auga morna ó sol (sostidos por pedras a xeito de pesos) e logo secábanse ó sol boca abaixo, rematando por mazalos sobre unha pedra unha vez enxoiados. Co mazado rompíase a codia exterior e obtíñase a fibra, a cal habería que separar para o posterior fiado mediante un cepillo con dentes de ferro (*aena férrea*), permitíndonos seleccionar aquela de menor calidade e próxima á codia, a *estopa*, e a de primeira calidade e finura, o *lenzo*. Unha vez fiada lavábase e branqueábase mediante a cocción con cinsas, aceites, salitre, etc., e o secado ó sol, tal e como recolleemos do proceso realizado en Exipto ou nos exemplos que sobreviviron na cultura tradicional galega ata fai unhas décadas.

10 DOVAL, Francisco; LOIS, M^a Josefa; ORTÍZ, José; QUINTEIRO, Albino, *Tecido Tradicional en Galicia*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1998, p.13.



Restrelo (S.II-V d. C.). Museo do Castro de Viladonga



Mazando no liño. Foto Asociación Clío reconstrucción Histórica.

No Museo do Castro de Viladonga consérvase un destes cepillos con dentes de ferro, que se identificaría co tradicional *restrelo* ou *rastrelo*, polo que pasaríamos o liño, quedando a estopa enganchada debido ó seu tacto áspero. O resto do proceso, como puiden comprobar mediante o cultivo e transformación desta planta, sobreviviu sen moitos cambios ata os nosos días, con máis variedade de apeiros (ripos, espadelas, mazotes, bancos tascóns, etc) pero concordancia nos básicos, tal e como recollemos da cultura tradicional.

O fiado

As fibras naturais unha vez obtidas non permiten crear as teas directamente, pois non son suficientemente longas, elásticas, resistentes e homoxéneas. Para conseguir estas propiedades será necesario unilas nun proceso de rotación e torsión que creará un fio continuo e resistente, tarefa coñecida coma fiado. Non obstante tamén temos que sinalar a capacidade que ten a la e o pelo dalgúns animais para compactarse e crear directamente un tecido, o feltro, obtido pola compactación das mechas mediante vapor e presión.

O fiado de seguro que comezou a facerse de forma rudimentaria nos albores da humanidade torcendo as fibras cos dedos, coas palmas das mans ou coa palma sobre unha superficie como a parte superior das coxas, técnica que segue a empregarse nalgúns lugares de África, Sudamérica, Australia, etc¹¹. Do fiado sobre a perna podemos atopar un exemplo da súa reminiscencia en época clásica grega mediante o uso do “*ἐπίνητρα*” ou “*βνος*”, protector cerámico ou de madeira ricamente decorado que se encaixaba no xeonllo e a coxa da fiandeira que estaba sentada, sobre o que se torce pouco a pouco a fibra coa palma da man. A miúdo vencéllase cun agasallo de vodas pola relación do tecido e a “muller ideal”, pero tamén foi atopado en tumbas de donceas e como ofrenda en templos de divindades femininas.

11 ALFARO GINER, Carmen, *Tejido y cestería en la Península Ibérica: Historia de su técnica e industrias desde la Prehistoria hasta la Romanización*, Bibliotheca praehistorica hispana, Vol. XXI, Madrid, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 1984, p. 72.



Fiando co epinetron. Foto propia.

A técnica que posteriormente se adoptaría, e que chegou a nós a través da cultura tradicional sen moitos cambios, é a do fiado con fuso e roca, *colus* e *fusos*, como documentarían os romanos. Do mesmo xeito que o facían as aboas ata hai uns anos, o procedemento consiste nunha barra de madeira apoiada no cinto ou saia (roca) onde a fiadeira suxeitaba a fibra, estirándoa cara abaixo pouco a pouco ata o fuso, o cal, xirando sobre si mesmo, torce a fibra uníndoa nun fio compacto que posteriormente a fiadeira enrolará sobre a parte inferior formando a *mazaroca*. O fuso estaba formado por unha vara

(madeira, metal, óso, etc.) que polo xeral¹² engrosa paulatinamente de tamaño para soste o peso na parte inferior denominado *fusaíola*, a cal estabiliza a ferramenta, imprímelle velocidade e apórtalle un xiro continuo.



Recreación dun fuso. Foto propia.

As memorias das escavacións arqueolóxicas dan conta de constantes achados de *fusaíolas*, cunha mostra de diferentes formas e materiais, destacando a cantidade daquelas feitas con barro. Este dato concorda ademais co feito de que a partir do desenvolvemento da cerámica comeza a facerse evidente o seu uso mediante abundantes restos, o que para algúns autores "situarían a difusión deste instrumento polo Mediterráneo cara o V milenio antes de Cristo"¹³.

Na parte superior os fusos podían presentar unha fendadura de forma helicoidal ou un pequeno gancho, elementos que axudan a suxeitar o fio mentres se está a torcer antes de proceder a enrolalo na parte inferior do fuso. Este gancho servía tamén para torcer varios fíos ó xeito da tradicional *parafusa*.

¹² Existen casos de formas singulares como o fuso etrusco do museo de Bolonia que presenta o engrosamento no centro.

¹³ ALFARO GINER, *Op.Cit.*, p. 72.



Fiado con roca e fuso. Foto Asociación *Clío reconstrucción Histórica*.

Das rocas poucos exemplos arqueolóxicos existen no Mundo Antigo, pois ó estar feitas en madeira non conseguiron chegar ata os nosos días. Non obstante si que se conservan representacións gráficas, coma o mosaico de Liria do M.A.N. onde se representa a Hércules coa roca e o fuso, unha lápida romana do Museo de Burgos onde se aprecia neste caso unha muller fiando, varias cerámicas grega atesouradas no Museo Británico e no M.A.N, entre outras. Outra fonte importante é a completa descrición sobre o proceso de fiado que Catulo nos da no seu poema dedicado ó matrimonio de Tetis e Peleo, onde a roca e outros elementos se explican minuciosamente.

Por último cabe destacar un tipo de roca singular e pouco coñecida de época tardoantiga, denominada coma "roca de dedo". Este aparello tería unhas dimensións moito menores que a roca común, similar á tipoloxía de roca de man que podemos observar nalgunhas cerámicas gregas. Na parte inferior presenta unha sección semicircular que, a xeito de anel, se colocaría no dedo maimiño, agarrando parte da estrutura cos demais dedos e onde tamén estarían suxeitas as fibras.



Reconstrución dunha roca de dedo. Foto propia

A súa identificación soe ser complexa e segue a suscitar debate a día de hoxe en moitos lugares, pois a maioría dos exemplos que atopamos que concordan con estas características fóronlles atribuídas unhas interpretacións funcionais de "osculatorios," pezas de tocador empregadas para remover e aplicar os perfumes¹⁴.

Na práctica puiden comprobar que esta roca cumpre perfectamente as súas funcións, mais a pequena cantidade de fibra que se coloca nela obriga a facer numerosas interrupcións no labor. Tamén se precisa

14 FUENTES MELGAR, Patricia e SASTRE BLANCO, J Carlos, "Los osculatorios en el contexto de la Antigüedad tardía"; en *Investigaciones Arqueológicas en el valle del Duero: del Neolítico a la Antigüedad tardía*, Actas de las II Jornadas de Jóvenes Investigadores del valle del Duero, coords. José Honrado Castro, Miguel Ángel Brezmes Escribano, Alicia Tejeiro Pizarro, e Óscar Rodríguez Monterrubio, Zamora, Glyphos Publicaciones, 2012, pp.395-408.

técnica para o estirado, pois débense repartir os dedos e a tensión da mesma man para suxeitar a ferramenta e turrar da fibra. Fronte a roca común teríamos neste caso un fiado máis lento, dato polo que as teorías sobre o seu uso a día de hoxe en moitos lugares exclusivamente ritual (matrimonial) poderían coller forza.



Fiado con roca de dedo. Foto propia.

Cabe indicar que atopamos representacións e testemuñas sobre persoas que fiaban e fían só co fuso, sostendo a fibra coa man, cuestionando por tanto o uso da roca. A experiencia persoal permíteme afirmar que, debido ás características estruturais e moleculares da la (de fácil enredado), si que se


podería prescindir da roca, máis no caso do liño (non presenta estas características) si é preciso unha tensión, estirado e torcido maior que só se obtén co uso da roca.

En termos xerais as coincidencias dos elementos de fiado da antigüidade cos que atopamos nos museos etnográfico son claras (deixando á marxe o uso do torno de fiar, desenvolvido en períodos posteriores¹⁵), a roca e o fuso continuaron empregándose, pero a *fusaiola* antiga non será común nos fusos da cultura tradicional, os cales tenderán a facerse integramente en madeira ou dunha soa peza (peso integrado). Tampouco chegou a nos nada similar á “roca de dedo”, e, no noroeste peninsular, a *parafusa* será un elemento individual exclusivo para torcer o fío, coa presenza do seu gancho na parte superior que permite o traballo.

Teares e tecidos:

Os teares son uns dispositivos téxtiles nos que se suxeitan e tensan unha serie de fíos paralelos, *urda*, que son elevados segundo patróns para formar a *calada*, espazo por onde pasa o fío da *trama* enroscado nunha pequena agulla ou *lanzadeira*. O resultado do entrelazo entre urda e trama apertada polo batán é o tecido. O mecanismo de elevación da urda será o elemento clave para a evolución dos teares, o cal influirá directamente nos tempos, calidades de produción e nos tipos de tecido (tafetá, xerga, rombo, xerga en espiga, etc.), partindo do primixenio sistema de selección manual ata as barras de lizos que se accionarán de distinta forma segundo a tipoloxía do tear.

¹⁵ O torno de fiar, máquina de fiar ou torno de pé foi un invento do século XV que permitiu maior rapidez no fiado.



Esquema do tecido

Mediante as fontes e os restos arqueolóxicos podemos distinguir varios tipos de teares empregados na antigüidade, os cales forman a base dos teares actuais: o tear de chan, o tear de reixiñas, o tear de placas, o tear de marco e o tear vertical de pesas.

As representacións máis antigas que temos de teares atópanse en Exipto e tratan de teares horizontais (disco encontrado na tumba da muller de Badari s. IV aC), no que a urda se tensa entre dous rolos transversais fixados ó chan. Dispuñan de dúas ou máis varas de lizo accionadas por parellas de tecedores ou por un só tecedor disposto sobre a tea.



Tear de chan, tumba *Chnem-Hotep* 2000-1785 a. C.

O tear de reixiña tratase tamén dun aparello dos máis primitivos, composto por distintas variñas planas unidas por dúas transversais nas que a urda se reparte (pares e impares) a través das regañas entre as placas e uns furadiños realizados en cada unha delas. Un dos extremos da urda fíxase á cintura e o outro a un punto fixo, mentres que o tecedor lle imprime un movemento “de arriba abaixo”, deslizando os fíos e creando a calada. Do traballo neste tear obtíñanse cintas estreitas ou bandas decorativas a xeito de tapacosturas, bordes para as prendas, cintos, etc.



Outra tipoloxía de tear é o de placas, o cal posiblemente era coñecido xa en Europa central dende tempos prehistóricos e do que temos a primeira evidencia no xacemento alemán de Abri Mühlthal I, datado no 1400-1075 a.C. Está composto por unha serie de plaquiñas cadradas, triangulares ou hexagonais de material duro (óso, madeira, cerámica, etc.) con pequenos furados nos extremos polos que se pasan os fíos da urda. Un dos extremos da urda fíxase á cintura da tecedora e o outro a un punto fixo, mentres que as placas funcionan de sistema de lizos combinando os distintos fíos. Do traballo neste tear obtíñanse un produto semellante ó de reixiña.



Recreación de tecido en *tear de reixiña*. Fotos propias.




Recreación de tecido en *tear de placas*. Fotos propias.



Exemplos de cintas tecidas en *tear de reixiña*. Foto propia.

Xa de tipoloxía vertical atopamos o tear de marco, de orixe oriental, que consiste nun marco de madeira no que se fixaría a urda de forma vertical, dispoñendo tamén de distintas barras de lizos. Nel podían realizarse tecidos tubulares cunha urda continua, como o atopado en Dinamarca (Hudremose, s. I a.C.), sen costura algunha, quedando fortemente vinculado tamén á creación de tapices e alfombras.



Tear de marco, debuxo extraído das pinturas da tumba de *Thotnefer*, 1425 a.C.

Sen dúbida o tear máis común no mundo grecolatino foi o tear vertical de pesas, do que temos evidencias físicas dende a Idade de Bronce. Está composto por dous postes de madeira que se fincan no chan e se apoian na parede, mentres que na parte superior sosteñen un traveseiro no que se fixa a urda. No extremo oposto da urda colocaríanse as pesas, *pondera*, que imprimirían a tensión precisa para o labor, separando os fíos en grupos pares e impares. Nos postes verticais disporíanse os soportes das distintas barras de lizos. Segundo se confeccionaba o tecido írbase enroscando na barra superior, mentres que nas pesas se íría soltando lonxitude de urda.



Recreación de tecido e tear de pesas. Fotos Asociación *Clio* *reconstrucción Histórica*.

En época bizantina darase o seguinte paso na historia e tipoloxía do tear co o tear de fosa e os teares Izaribata (zona Oriental), punto de partida para o desenvolvemento do tear horizontal de pedais de época medieval, base do tear usado polas nosas aboas.

No tocante á comparativa etnoarqueolóxica dos teares, este é un dos puntos nos que atopamos a maior diferenza, mais só na estrutura, pois o funcionamento será similar. Aínda que en algunhas zonas se conservou o tear vertical de marco (máis ligado a tapices), os teares tradicionais dispoñen a urda de forma horizontal accionando as barras de lizos mediante pedais, ademais de peite no batán, tipoloxía que non se desenvolverá completamente ate a Idade Media. Non obstante, a pesar dos perfeccionamentos, o sistema de tecido segue a ser practicamente o mesmo que na Idade Antiga, compartindo moitos patróns de lizos e tipoloxías de tecidos e materiais.

Outro dos teares que mellor sobreviviu é o tear de reixiña, dispositivo que se transformou na figura do tear tradicional de flocos, o cal presenta unha ou varias destas reixiñas fixas a unha estrutura, e, nos exemplos máis avanzados, dispuñan de pedais que as accionaban. Empregábanse principalmente para elaborar as cintas de remate das colchas de tear ou outras cintas decorativas téxtiles.

Conclusións

Realmente, tentar condensar un estudo sobre a produción téxtil da antigüidade nunhas poucas páxinas é unha tarefa complicada, pois a pesar das lagoas arqueolóxicas e documentais quedaríannos cantidade de puntos nos que profundar, derivados das diferentes monografías e achados realizados ata o momento.

Este estudo permitiunos un breve repaso sobre eses apeiros, materias e procedementos empregados para a elaboración de panos no Mundo Antigo, comprobando mediante a experimentación e a comparación con paralelos etnográficos que, a pesar do avance dos séculos, os procedementos e elementos empregados polos habitantes dos asentamentos primitivos na elaboración téxtil seguiron sobrevivindo case sen cambios ata o século XX, mantendo unha tecnoloxía tremendamente eficaz e útil para o ser humano, xustificada pola súa escasa variabilidade ata a introdución da maquinaria industrial. Unhas tarefas principalmente desenvolvidas no ámbito feminino e familiar, continuarán a transmitirse durante xeracións como parte da propia cultura, alcanzando dende época moi temperá un alto nivel de perfeccionamento que traspasará os límites do fogar, converténdose nunha incipiente industria e motor da economía, a cal ben merece moitas máis horas de estudo e experimentación para reivindicar a súa importancia.

BIBLIOGRAFÍA

ALFARO GINER, Carmen, *Tejido y cestería en la Península Ibérica: Historia de su técnica e industrias desde la Prehistoria hasta la Romanización*, Bibliotheca praehistorica hispana, Vol. XXI, Madrid, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 1984.

ALFARO GINER, Carmen, *El tejido en época romana*, Madrid, Arco Libros, 1997.

BARBER, E. J. W., *Prehistoric textiles: the development of cloth in the Neolithic and Bronze Ages with especial reference to the Aegean*, Princenton Paperback, New Jersey, 1991.

CARDITO, Luz, "Las manufacturas textiles en la prehistoria: las placas de telar en el Calcolítico peninsular" en *ZEPHYRUS*, Vol 49, Salamanca, Universidad de Salamanca, 1996, pp. 125-145. <http://revistas.usal.es/index.php/0514-7336/article/view/5138>

FLEMMIN, Hernest, *Historia del tejido*, Gustavo Gil Ed., Barcelona, 1958.

FUENTES MELGAR, Patricia e SASTRE BLANCO, J Carlos, "Los osculatorios en el contexto de la Antigüedad tardía," en *Investigaciones Arqueológicas en el valle del Duero: del Neolítico a la Antigüedad tardía*, *Actas de las II Jornadas de Jóvenes Investigadores del valle del Duero*, coords. José Honrado Castro, Miguel Ángel Brezmes Escribano, Alicia Tejeiro Pizarro, e Óscar Rodríguez Monterrubio, Zamora, Glyphos Publicaciones, 2012, pp.395-408.

GUILLÉN, José, *Urbs Roma I La Vida Privada*, Salamanca, Sígueme, 2004.

HERNANDO, Gonzalo, A., "La etnoarqueología hoy: una vía eficaz para la aproximación al pasado" en *Trabajos de Prehistoria*, N.º 52, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 1995, pp. 17-18.

MARÍN NIÑO, Manuela, *Tejer y vestir: de la Antigüedad al Islam*, Madrid, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 2001.

NAMI, Hugo G., "Arqueología experimental, talla de la piedra contemporánea, arte moderno y técnicas tradicionales: observaciones actualísticas para discutir estilo en tecnología lítica" en *Relaciones de la Sociedad Argentina de Antropología*; tomo 22-23, Sociedad Argentina de Antropología, Buenos Aires, 1997-98, pp. 364-69.

Os traballos artesanais no Castro de Viladonga, Folleto da exposición temporal producida polo Museo do Castro de Viladonga-

RUIZ DE HARO, Mª Irene, "Orígenes, evolución y contextos de la tecnología textil; la producción del tejido en la Prehistoria y la Protohistoria" en *Arqueología y territorio*, N° 9, Departamento de Prehistoria y Arqueología, Granada, Universidad de Granada, 2012, pp. 133-145.

<https://en.natmus.dk/historical-knowledge/denmark/prehistoric-period-until-1050-ad/the-early-iron-age/the-woman-from-huldremose/>. (18/04/18).

